



# Literatura epistolar de D. Ramón Otero Pedrayo (I)

## O clube Peña Trevinca Montañeros de Galicia: correspondencia entre Gonzalo Gurriarán e Don Ramón Otero Pedrayo

Logo do número especial que a revista *Raigame* dedicara a Otero Pedrayo (marzo 2.001), e ante o interese recompilador de materiais dispersos de don Ramón que desta xurdira, coordenado por Xulio Fernández, vímonos na obriga, animados por este, de de dar á luz unha ducia de cartas (conservamos 14, pero probablemente houbera moitas máis) e outros traballos descoñecidos que o trasalbés producira co fin de pular o clube *Peña Trevinca Montañeros de Galicia*, creado en 1944 polo seu interlocutor epistolar Gonzalo Gurriarán[1].

Fora unha actividade solidaria de don Ramón co societarismo montañeiro paraoficial na que confluían: amor á natureza e á paisaxe galega, divulgación das riquezas ocultas, potenciamento do asociacionismo "resistente" co fin de aglutinar adhesións, revitalización das actividades deportivas montañeiras, en definitiva, axudar ao desenvolvemento de foros, ata certo punto críticos, que xiraban en torno a centros de interese "modernos", neste caso: o fomento do asociacionismo montañeiro fora do marco ideoloxizante que imperaba na época.

1. R.O.P., grafómano impenitente e cordialísimo epistológrafo, tal e como o denomina o meu coterráneo Camilo F. Valdehorras (*Raigame*, 12: 160), levaría a cabo entre 1949 e 1962 un contacto epistolar sostido con Gonzalo Gurriarán, do que, desgraciadamente, tan só conservamos 14 cartas, como dixemos. O obxecto do traballo que aquí presentamos é dar a coñecer unha parte mínima das cartas de don Ramón que se atopan nos arquivos particulares dos seus correspondentes, na percura de completar o seu epistolario e así colaborar na catalogación deste, seguindo a Valdehorras, ao tempo de dar a coñecer unha intervención máis, tamén literaria en ton menor, de don Ramón en relación ao asociacionismo montañeiro. Entendemos que a relación de Gonzalo Gurriarán con Otero Pedrayo ven da amizade que este tiña con Florencio Delgado Gurriarán, o poeta valdeorrés curmán de Gonzalo exiliado en México, desde os tempos políticos de don Ramón, aló polo ano 1930, cando estaba a artellar a opción política do PNRO (ver GURRIARÁN, Ricardo, 1.999: 42, 45, 54-56; nesta publicación reprodúcense parcialmente algunhas cartas de don Ramón a Florencio Delgado Gurriarán: 272-3, 289, 299).





Empapado do ambiente "institucionista" no que se educara (Residencia de Estudiantes de Madrid na época dourada deste organismo educativo entre 1923 e 1928, e bolseiro durante catro anos en Europa pola *Junta para la Ampliación de Estudios*) Gonzalo Gurriarán, médico represaliado logo da "sublevación" de 1936, confinado no seu Barco de Valdeorras natal, trataría de "resolver" a súa mermada área de relación coa creación deste clube citado. En torno ao proxecto aglutinaría a un fato de vellos/novos montañeiros vigueses, pioneiros do asociacionismo deportivo galego, a represaliados con intereses asociativos, a antigos compañeiros da Residencia de Estudiantes galegos ou que estaban en Galicia, a colegas de profesión... ao que logo se sumarían un sennúmero de integrantes das elites vilegas e urbanas, moitos deles de significada militancia/compromiso co novo réxime, atraídos polos "prestixiosos" formuladores da idea e pola actividade que este clube despregaba. Deste xeito, nunha perfecta simbiose, uns, os que tiñan mermado o seu campo de relación, ampliaban o seu espacio de sociabilidade situándoo na montaña valdeorresa, fóra do teatro de operacións da militarizada/perseguida Galicia da posguerra, sendo para eles un alivio transitorio e unha saída para vérense. E os outros, os achegados necesitados de autoafirmación non sectaria, vencellábanse a un proxecto "moderno" e interdisciplinar (sendeirismo, coñecemento deportivo do medio montañeiro, divulgación histórica, de flora e de xea...) que incluía a persoas de certa relevancia en varios campos, e que dalgún xeito saneaba ou aireaba o seu monolitismo ideolóxico. Estes tamén terían unha colaboración especial na conformación das xuntas directivas da entidade, pois algúns dos creadores do clube, ao estar inmersos en procesos depurativos, non podían formar parte dos órganos rectores da entidade, por lei.

Non sendo o clube *Peña Trevinca Montañeros de Galicia* obxecto deste traballo, pero si necesaria a aclaración do contexto que deu pé a relación epistolar referida e a outros traballos complementarios, pasamos a describir o papel que don Ramón como home "prestixioso e notable" xogou nesta entidade que, logo da súa intervención no ano 1949, entre outras, chegaría a sobrepasar a cifra dos mil asociados. Unha cantidade significativa no asociacionismo deportivo de ámbito galego que, agás nos clubes de fútbol, non atopamos outra con similar impacto afiliativo.

Dentro dos espacios asignados no clube polo seu "ideólogo" Gonzalo Gurriarán, co obxecto de darlle un carácter multidisciplinar á entidade como elemento de atracción para novos asociados dentro do máis puro ideario "institucionista", estaban: os da cobertura científica, representada polos profesores da Universidade de Santiago Charro, Bellot, Ribas... que cubrían os flancos para imprimirlle carácter científico e de estudio das riquezas da serra valdeorresa ao clube, e de promover a actividade montañeira entre os estudiantes composteláns; axudados polo núcleo de científicos represaliados que a empresa Zeltia acubillara, como Calvet, Ocampo, Obella e Novoa; no terreo deportivo montañeiro contaría con aquelas persoas de determinadas cidades con interese nas actividades na natureza, que xa o practicaran con anterioridade como Alejo Madarro en Lugo, Monteagudo na Coruña, e o núcleo vigués capitaneado polos irmáns Villaverde; no campo da xeoloxía atraería ao eminente profesor da Universidade Central, Francisco Hernández Pacheco, quen divulgaría o coñecemento xeolóxico e as actividades deportivas de montaña nunha xira de conferencias polo territorio galego; tamén de fóra atraera a montañeiros consagrados a impartir cursos de técnicas deportivas, como Baldomero Sol e José María Galilea; entre outros... co fin de espallar o clube ao ambito galego, conxugando intereses e territorios

Sería Otero Pedrayo o que cubriría a parcela de intelectual galeguista –entre os militantes galeguistas asociados ao clube estaban a viúva de Alexandre Bóveda, Amalia Álvarez Gallego, o tamén pontevedrés Gonzalo Mucientes, e o doutor Obella, de Vigo; e os médicos ourensáns Arturo López Trasancos e Gonzalo Courel, entre outros-. Como gran orador e divulgador da paisaxe galega, de recoñecido prestixio, se prestaría á solicitude demandada por Gonzalo Gurriarán para colaborar na obra de difundir os ideais montañeiros de amplio espectro. Para isto, e desde 1949, don Ramón, moi en sintonía coa súa paixón: a contemplación e a descripción paisaxística, vai levar a cabo unha serie de intervencións co obxecto de fomentar o montañismo, desde o punto de vista intelectual.

Imos significar algunhas das comparecencias a prol do clube que fixera, ao tempo de reproducir parcialmente algúns anacos de cartas que para nós son salientables.

Trasalba (Orense) 2 de Mayo de 1949.

Sr. D. G. Gurriarán y Directivos de "Peña Trevinca"

Muy distinguidos Sres míos: Con sumo gusto recibí la amable carta y
saludo de Vdes. y estoy verdaderamente orgulloso de poner mis cortas
fuerzas oratorias al servicio de la montaña gallega. A Vdes toca
una noble y ejemplar revelación. Yo no subí a Peña Trevinca. Salu-
dé desde lejos su elegante silueta muchas veces. Anduve por los
bosques del Invernadeyro, y otras regiones, derramés de las solan-
nes Medas. Conozco mejor, aunque soy orensano, las montañas
de la Beiramar Gallega. El martes o miércoles quedaré con nues-
tro común amigo el Sr. Rivera en la fecha de la conferencia. Al-
- sobre el 10 de éste mes - y la disposición general de ella. Al-
go de ética y estética de las montañas, con referencias a las
sierras españolas, a los Alpes ?, "wälder" alemanes, ecta, en-
sierras españolas, a los Alpes ? sin olvidar el gusto unce-
fin todas las posibles sugerencias sin olvidar el gusto ...
unió de "Peña Trevinca" y los tipos de relieves gallegos y su
profunda significación.

No tienen Vdes nada que agradecerme. Al contrario yo soy
el obligado y estimo que los elogios de Vdes a mi persona
proceden de la generosidad de Vdes y simpatía por mis pequeños
esfuerzos por Galicia.

Aprovecho la ocasión para expresarles mi gusto por la
hermosa revista. Por cierto que no recuerdo si correspondí
a su debido tiempo a la gentileza de Vdes. Realmente no lo re-
cuerdo. Son muchísimas las cartas que debo contestar y soy
muy desordenado en mis papeles.

Deseando infinitas dichas a esa Sociedad y en par-
ticular a sus directivos queda de Vdes affmo s. s. y ami-
go

Ramón Otero Pedrayo

Orense 10 de Junio 1949.

Sr. Dn. Gonzalo Gurriarán

Mi querido y recordado amigo: Con el trabajo constan-
te y agotador de los exámenes no me queda respiro hasta hoy
para corresponder a la suya, como de Vd. afectuosísima,
de 20 de Mayo, entregada, con el título de Socio de
Honor de Peña Trevinca por nuestro amigo Ribera.

Yo soy el agradecido y nada puede satisfacer y recom-
pensar mejor mis esfuerzos por nuestras cosas, bien peque-
ñas por cierto, que el afecto de la juventud.

Voy en maravillosa compañía de Socio de Honor ¿Qué
hacer para merecerlo? Estoy a las órdenes de Vdes.

Con saludos muy respetuosos para su Sra esposa y afectos
de mi esposa para Vdes reciba un abrazo de su affmo
amigo y servidor,

R. Otero Pedrayo





A colaboración encetaría cun ciclo de conferencias que se organizara en torno á figura de don Ramón Otero Pedrayo. Comezaría en Ourense, en maio de 1949, no Liceo. Esta intervención pública do ilustre polígrafo das letras galegas viría así comentada nunha nota informativa do boletín de *PT-MdeG*:

*(...) La montaña vista desde todas sus facetas, fue cantada por Otero Pedrayo en poética disertación. Geología, geografía, historia, literatura, todos los aspectos de la montaña, fueron genialmente expuestos por Don Ramón, quien elogió nuestras sierras gallegas y a los poetas de la región cantores de estas montañas: Noriega, Amado Carballo, Delgado Gurriarán. Aludió repetidamente a la labor de nuestra Sociedad Montañera y terminó animando a todos a prestar ayuda al juvenil y deportivo impulso de TREVINCA, alusión que repite pocos días después en un artículo: "Pensamos en PEÑA TREVINCA al escribir estas lineas. Los iniciadores del alpinismo gallego están descubriendo en cátedra de nieves una nueva belleza para Galicia"(...)*[2]

Culminaría o ciclo en Santiago, en xaneiro de 1951, lugar onde exercía a súa cátedra de Xeografía na Universidade, de recente estrea. Daría unha conferencia no salón artesonado de Fonseca que levaba por título: "Alta montaña gallega"; con anterioridade don Ramón propuxera dous títulos: "Las montañas en la sensibilidad de la época romántica", e "La lección geográfica de las montañas", ningún deles se escollería para ista ocasión[3].

Tería lugar dentro dun programa de actos con motivo do día de "Peña Trevinca" en Santiago, que a delegación do clube nesta cidade organizara para a difusión dos deportes de montaña e a captación de socios entre os universitarios santiagueses. Nun dos actos se faría entrega a don Ramón da insignia de socio de honra do clube[4]. Otero Pedrayo fora un dos que acudiran ao chamamento dos trevincos para axudar a divulgar o clube e as belezas montañeiras galegas, unha vez asentado en Santiago, logo de ser apartado da docencia durante bastante tempo por significancia galeguista e republicana. A chamada do verbo do ilustre profesor tivera un eco importante para prestixiar o asociacionismo e o montañismo en xeral, mais sería imposible que acudira a visitar a serra, tras reiteradas chamadas e invitacións neste sentido:

*Mi querido y recordado amigo: de muy buena gana hubiera participado en la excursión que me propone tan gentilmente, si no se diera el caso de fuerza mayor que sin duda le sorprenderá, pues no se trata de hérnia, catarro polínico, régimen de descanso, melancolía fundamental, o preparación de la Penitencia y buena Muerte como sería de esperar en un varón de 62 años cumplidos sino de unas oposiciones, cuyos ejercicios comienzan el día 20, a la Cátedra de Geografía de la Universidad de Santiago. Me ocuparán hasta fines, quizá, de Abril. Los demás opositores cuando me vieron comparecer creyeron ver una sombra de ultratumba. Estoy entusiasmado como un muchacho. Vi en el Boletín el anuncio de la cátedra, que nunca tuve titular, supe que no iba ningún jóven gallego, y me decidí al paso extraño y peligroso. Si cuadra -y aunque no cuadre- hablaré de Trevinca. Estoy preparando la lección llamada magistral sobre Los Alpes. Muy agradecido a la salutación cordial de la Revista, Son muy generosos los hombres amantes y habituados a las alturas. No dejaré de molestar a Vd. mas adelante sobre algunos aspectos de montaña para un gran trabajo de Geografía de Galicia que irá al frente de una Historia de Galicia que se editará en Buenos Aires (...)*[5]

2. En *PT-MdeG*, nº 8 de decembro de 1949. Un extenso artigo sobre esta conferencia está publicado en *La Noche* de 10 de maio de 1949, por Joaquín da Cunha: "Otero Pedrayo en disertación trevincana": *(...) Hoy su espíritu perdura en el ánimo de este deporte* (o de don Ramón), *representado en Galicia por Trevinca, "Saint Moritz" galaico, selecta sociedad montañera válida entre las primordiales hispanas y aún europeas, de la cual la relevante personalidad de Pedrayo nos hablara en la aludida conferencia, lo que nos induce a reflexionar sobre las bellas imágenes que el diáfano verbo de don Ramón hacia las montañas aludidas de blanco, creara en honor de esta distinguida afición (...)*
3. En carta de Ramón Otero Pedrayo a Gonzalo Gurriarán, desde Trasalba (Ourense), de 29 de decembro de 1950 (AFGS): *(...) Si Vd. decidiera, sin tardar mucho, se lo agradecería (...)*; referido a escoller o título da conferencia, non sabemos a que ou a quen obedeceu o cambio de título da conferencia.
4. Ver noticias xornalísticas anunciadoras destes actos en: *Faro de Vigo*, de 9 de xaneiro de 1951; e *El Correo Gallego* da mesma data; e *La Noche* de 10 de xaneiro dá conta dos actos.
5. En Carta de Ramón Otero Pedrayo a Gonzalo Gurriarán, desde Trasalba (Ourense), de 18 de marzo de 1950 (AFGS). Gonzalo aportaría material sobre o macizo Trevinco para a Historia de Galicia que anunciaba Otero Pedrayo. Os seus coñecementos e o seu arquivo fotográfico sempre esti-

Trasalba (Orense) 18 Marzo 1950

Sr. Dn. Gonzalo Gurriarán

Mi querido y recordado amigo: de muy buena gana hubiera participado en la excursión que me propone tan gentilmente si no se diera un caso de fuerza mayor que sin duda le sorprenderá, pues no se trata de hernia, catarro político, régimen de descanso, melancolía fundamental, o preparación a la Penitencia y buena Muerte como sería de esperar en un varón de 62 años cumplidos sino de unas oposiciones, cuyos ejercicios comienzan el 20, a la cátedra de Geografía de la Universidad de Santiago. Me ocuparán hasta fines, quizá, de Abril. Los demás opositores cuando me vieron comparecer creyeron ver una sombra de ultratumba. Estoy entusiasmado como un muchacho. Vi en el Boletín el anuncio de la cátedra, que nunca tuvo titular, supe que no iba ningún joven gallego, y me decidí al paso extraño y peligroso. Si madre – y aunque no madre – hablaré de Peña Trevinca.

Estoy preparando la lección llamada magistral sobre Los Andes. Muy agradecido a la salutación cordial de la Revista. Son muy generosos los hombres amantes y habituados a las alturas. No dejaré de molestar a Vd. más adelante sobre algunos aspectos de montaña para un gran trabajo de Geografía de Galicia que irá al frente de una Historia que se editará en Buenos Aires.

Las traducciones de Florencio y demás amigos en el hermoso volumen de que le hablé quizá se encuentren [?] a Aguirre [?] Aguado [?], el librero de la calle del Barquillo, de Madrid. Mi ejemplar lo tengo prestado a un amigo.

Hubiera concurrido el 12 a Vigo de no tener la obligación dicha.

Nuestros saludos, de Tita y míos para Pilar, de mi esposa para Vd. y reciba, querido Gurriarán, un agradecido abrazo de su viejo amigo y servidor

R. Otero Pedrayo

Trasalba 21 Abre 1950

Mi querido amigo: Les deseamos mi esposa y yo muy felices Páscuas y entrada de año con buena suerte y alegría.

Me envío el artículo con cuyo encargo me honra. Salió un poco tarde; córtelo por donde quiera o suprímalo.

Reciba un abrazo de su viejo amigo

R. Otero Pedrayo

Disculpa de peso, mais non sen sorna e ironía a do ilustre escritor ourensán para non acudir á serra. Máis adiante se lle volverían a facer ofrecementos de excursións, que, de novo, non aceptaría, neste caso por impedimento físico:

*(...) A Vd. que además de buen amigo es médico le puedo decir que éste otoño o invierno me operarán la doble hernia enemiga de las caminatas. Aunque no me molesta casi nada me asusta y no me deja pasear largo. Confío en que sin ese obstáculo y pesadilla podré ir a los montes, alguna vez, con Vdes. Nunca a caballo ni a la silla de la reina. Antes me contento con la visión espiritual (...)*[6]

Tan só serían dúas charlas, que saivamos, pois a presentación de Otero Pedrayo as oposicións para impartir docencia universitaria imposibilitarían a realización doutras charlas programadas. Iso non impedíu que mantivera contacto epistolar con Gonzalo Gurriarán durante bastante tempo.

Logo da contextualización que deu lugar á correspondencia entre estas dúas persoas, entendemos que coa reproducción total destas cartas de don Ramón non se precisa comentario analítico nin complementario algún, pois o interese non vai máis alá da comuñón que Gonzalo Gurriarán e Otero Pedrayo tiñan en torno á montaña ourensá, non exentas, no caso de don Ramón, dunha esquisitez manifesta á hora de ensalzala, e do seu correspondente de recibilas da súa letra ou do seu áxil e laudatorio verbo.

## A COLABORACIÓN DE RAMÓN OTERO PEDRAYO NO BOLETÍN DO CLUBE PEÑA TREVINCA MONTAÑEROS DE GALICIA

Como noutras sociedades montañeiras e como en calquera entidade asociativa seria, un dos labores máis importantes que levou a cabo este clube no terreo da difusión foi a confección dun boletín que se mantivo na rúa durante máis de seis anos. Aínda que con efémera vida, gracias a el puidemos saber máis polo miudo a historia e a vida deste clube, as súas actividades, relacións, asociados... e as importantes plumas que na súa última época colaboraron. Ao longo da súa corta historia, a súa saída era irregular, o mesmo que o seu formato e número de páxinas. O primeiro número sairía axiña da constitución do clube, en setembro de 1944. Naquel tempo aínda viña co carimbo da censura na capa da chamada: *Vicesecretaría de Educación Popular, Delegación Provincial de Orense*, organismo de control que daba ou non o visto bó das publicacións antes de saír á rúa, co seu visado: *(...) Con respecto a la censura, dice Navarro que como la sede de la Sociedad es Barco, debe hacerse en Orense. Podíamos enviar un ejemplar a algún asociado de Orense, por ejemplo Olano y que se encargue de esto cerca del organismo que dirá Navarro*[7]. Para evitar problemas coa censura, Gonzalo Gurriarán, inspirador e fundador do clube, quen practicamente era o responsable da súa confección, enviaría unha carta urxente a Vigo para que suprimiran unha alusión que facía a Ortega e a Unamuno neste primeiro boletín –carta de Gonzalo G. a A. Villaverde de 20 de setembro de 1944 (APTMGV, fondo A. Villaverde)-.

Neste primeiro número, de 12 páxinas, en cuarta de

vo a disposición daqueles que difundían Galicia. Por exemplo en: *Fisonomía y alma de Galicia*, de RODRIGUEZ RODRÍGUEZ A. Impr. Aguirre, Madrid 1955: 276 e 277. Ou en *Acuicultura Continental* de Luís Pardo (Ed. Salvat, colección Agrícola, Madrid 1951), a quen prestara fotografías; ver páxina 242. E en varias publicacións de Hernández-Pacheco. Don Ramón na *Historia de Galiza* (ed. Nós, Buenos Aires, 1962, tomo I: 27) dedicarialle un parágrafo ao clube trevinco: *A Pena Trevinca, tídoo da sociedade deportiva que descobríu para Galiza a fermosura da neve e do squi, representa a maor espresividade do mundo montesío da Galiza do sul.*

6. Carta de Ramón Otero Pedrayo a Gonzalo Gurriarán, desde Trasalba (Ourense), de 15 de setembro de 1953 (AFGS).

7. En carta de A. Villaverde a G. Gurriarán de 14 de setembro de 1944 (APTMGV, fondo A. Villaverde).

8. A chegada da revista tivera moi boa aceptación entre a prensa galega; ver *La Región* de 24 de febreiro de 1945: *Primera y única revista dedicada a estas cosas –montañismo y esquí- en Galicia. Primer grupo de Montañeros de Galicia. Su sede en El Barco de Valdeorras. Merece la pena de que señalemos este hecho, por lo que representa para nuestra región y para nuestra provincia (...)*. Neste artigo dise que é a segunda no seu xénero en España, xunto con Peñalara, é de supoñer que en 1944 aínda estaban "conxeladas" as publicacións dos clubes cataláns, ou que as revistas montañeiras daquela facíanse a modo de circulares. Tamén en *El Ideal Gallego* de 11 de xullo de 1945, e en *El Pueblo Gallego* de 17 de xullo do mesmo ano, *Meta* de 1 de setembro de 1947, *Faro de* Vigo de 22 de xullo dese ano, e *La Región* de 28 de xullo, o clube recibe felicitacións pola publicación. Unha reseña da revista tamén viña noutras publicacións montañeiras españolas como *Peñalara* (logo de saír cada número), ou na revista do Club Deportivo Navarra (nº 39 de agosto de 1947).

Trasalba (Orense) 7 de Enero 1950.

Sr. Dn. Gonzalo Gurriarán

Mi querido amigo: Afectuosos saludos, también de
mi esposa Fita para Vdes. No nos olvidamos de los buenos
amigos en los días solemnes. La pereza de la aldea, mu-
chos trabajos y preocupaciones no me permitieron
corresponder antes al recuerdo de Vdes.
Estoy solo con mi madre, de 90 años, en un "recanto"
de la sala de aldea, en noche negra llena de viento.
Pronto saldrá la luna. La luna en Gante y Brujas
es algo romántico. Aquí también. Pero "bufa"
demasiado el viento de la sierra.
Le escribo a la luz de uno de los pocos quin-
qués de petróleo que quedan en el mundo.
Recibí su amable saludo desde orillas del
Ugy. Sin contestarlo por ignorar adonde.
Acaba de llegarme un hermoso libro de Bue-
nos Aires. Poesías inglesas y francesas (Ten-
nyson, Shelley, Emerson, Baudelaire, Clau-
del — ) traducidas al gallego por Pláci-
do Castro, Luis Tobío y Florencio Delgado Gu-
rriarán. Todos grandes y recordados amigos. Ver-
Gurriarán traduce cosas de Valéry, Mallarmé, Ver-
laine, muy bellamente a lo poco que he visto.
A los piés de su esposa, y deseándole feliz
año reciba un abrazo de su viejo amigo
y servidor

Ramón Otero Pedrayo

tamaño, semellante á que editaba o seu fraternal clube Peñalara de Madrid, con fotografía na capa, viña unha editorial explicando a creación do clube, do que reproducimos parte[8]:

*Reunidos unos cuantos aficionados a la montaña, pensamos en la posibilidad de organizar una sociedad que agrupase a los montañeros y esquiadores dispersos por Galicia. Pronto quedó constituida "PEÑA TREVINCA" y más tarde nos afiliamos a la federación Española de Montañismo, de cuyos Directivos recibimos los mejores ánimos. Luego vino la dificil tarea de ir encontrando a nuestra Región elementos para nutrir las filas de "Trevinca". Cartas a amigos, notas en la prensa e indagaciones varias. Poco a poco fueron llegando adhesiones, unas entusiastas de viejos alpinistas que ya habían arrinconado esquis y piolet y otras de montañeros y esquiadores que, desconociendo las montañas gallegas, se iban en complicados viajes a practicar nuestros deportes a otras regiones alejadas, otras muchas de deportistas que, deseosos de escalar cumbres y de esquiar, no están iniciados en estos ejercicios por ignorar que en esta Región tenemos unas montañas maravillosas y hoy, con nuestra organización, al alcance de todos. Ya tenemos grupos bien organizados en las más importantes ciudades y villas de Galicia y también en Madrid contamos con un núcleo ya numeroso. La prensa regional nos ha dispensado la mejor acogida y todas las sociedades deportivas con las que nos hemos puesto en contacto, nos animan en nuestra obra (...)*[9].

Tamén contiña unha referencia á primeira directiva do clube, e algúns breves artigos sobre excursións pola serra e o potencial montañeiro da Serra Trevinca. Referencias sobre a biblioteca social, noticias varias, fotografías da serra e un listado de socios completaban o bautizo da publicación. Faríase unha tirada de 150 exemplares, que costaran 235 pesetas. Tivera un amplo eco ao ser enviado a: Autoridades, Oficinas de Turismo, Direccións Xerais de Camiños e Turismo, Sociedades Deportivas, Federacións... Sería Gonzalo Gurriarán quen confeccionaría todo o contido deste número, así como os tres seguintes:

*Trabajo en la confección del primer número del Boletín de "TREVINCA" y espero que Navarro, con su experiencia, me ayude. Como yo no tengo ni idea del asunto, lo que pienso hacer es escribir todo lo que me parezca y cuando no tenga más que decir, os lo mando, para que Navarro lo corrija, modifique, coloque, añada todo lo que le parezca oportuno y te oriente en lo referente a edición. Convendría que una vez que te lo mande, trateis de que salga lo más pronto posible, pues creo que es un medio de enlace entre los "trevincos" indispensable y de gran valor propagandístico (...)*[10]

No segundo número, de decembro de 1944, aumentaríanse as páxinas ata 20, con artigos sobre o refuxio proxectado en Fonte da Cova, a primeira excursión polo macizo, e outros breves, ao estilo do número anterior. Estes foran imprimidos en Gráficas Gutemberg de Vigo, tirándose 250 exemplares que saíran a 1'50 pesetas cada un. O aumento das páxinas motivou que tiveran que modificar a planiña-solicitude para a censura que fixeran para o primeiro número; sendo esta aprobada pola Vicesecretaría de Educación Popular, este organismo lembraba: *(...) Asimismo le comunico que debe presentar a la censura las galeradas correspondientes (...)*[11].

A preocupación de Gonzalo pola participación no boletín era grande, tentaba que participaran redactores socios, sen resultado positivo nestes primeiros números. Tamén teimaba pola composición e corrección, aínda que a distancia e as dificultades de imprenta, xunto á carencia de papel e restriccións de enerxía, imposibilitaban que estas non fosen como el pretendía:

*(...) Sigo creyendo indispensable la corrección de pruebas y acaso podríais mandármelas un sábado para estar ahí de vuelta el lunes. Si aun así no fuese factible, os ruego os ocupeis vosotros de ello a la vista de mi texto, pues en el nº anterior salie-*

9. Boletín nº 1 de *PT-MdeG* de setembro de 1944: 2.
10. En carta de Gonzalo G. a A. Villaverde, de 4 de setembro de 1944 (APTMGV, fondo A. Villaverde). Navarro era un socio de Vigo que traballaba na prensa, e que colaboraba como experto no remate do boletín e na súa tirada.
11. Oficio 2353 da Sección *Ediciones y Publicaciones*, da Delegación Local de Vigo de FET e JONS, de 19 de decembro de 1944, dirixida a Antonio Villaverde (APTMGV).

Orense 26 de Julio 1950

Sr. Dn. Gonzalo Gurriarán

Mi querido amigo: No podría saber actualmente si he correspondido con Vd. o no sobre el envío de un notable número de la revista "Peña Lara" —o "Peñalara"— solo falto de equilibrio en un excesivo comentario sobre mí debido a la generosidad de Vd. He tomado notas del estudio de Las Médulas descritas en otro tiempo por el poeta Enrique Gil.

Soy un hombre de muchas relaciones, variados trabajos y de actividad mal organizada. Un defecto incurable el desorden de libros y papeles. No obstante tiene sus encantos. No me impone como el espíritu y costumbre de casillero. Aunque a veces produzca dudas como la que motiva esta carta con la recompensa de la ocasión de ofrecer a Vd un nuevo testimonio de afecto y recuerdo.

Tengo el encargo de un trabajo geográfico, de conjunto, para Buenos Aires, sobre Galicia. Tal vez le canse a Vd. pidiéndole algunos datos sobre las regiones que conoce de un modo incomparable.

Con saludos para Vdes de Tita y mis respetos a su Sra esposa, reciba un abrazo de su viejo amigo y servidor

R. Otero Pedrayo

Santiago de Compostela 27 de Nov. 1950

Sr. Dn. Gonzalo Gurriarán

Barco de Valdeorras

Mi querido y recordado amigo: Con infinito gusto recibí su cariñosa carta. A su tiempo llegó a Trasalba la otra a que Vd. se refiere. No la contesté. Dispénseme. Volveré, cuando sea oportuno, a la carga solicitando de Vd. informaciones. En la Introducción Geográfica a la Histª de Galicia se empleará el asunto en el sentido del paisaje. Y Vd. en montañas sobre todo, es un excepcional catador de paisajes.

Hace días, en Trasalba, me acordé de "Peña Trevinca" al releer sobre Las Médulas un viejo y hermoso trabajo del poeta romántico Enrique Gil y Carrasco.

Le mandaré el artículo en cuanto tenga algun respiro. No es demasiado el trabajo en la Universidad pero sí, la preparación de materiales para la "Historia" me absorbe las mejores horas.

Abrumado con el proyecto de entregarme solemnemente en Santiago las insignias quedo profundamente agradecido y le ruego que me eviten esa emoción. Con la amistad de "Peña Trevinca" está de sobra satisfecha la deuda —ilusión y de pura gentileza— que Vdes creyeran tener conmigo.

En caso de no querer hacerme ese favor les pido la organización de una conferencia —hablaríamos del tema— para parecer un poco menos indigno del favor.

Acepto la primera súplica. No hace falta en Vd. recordar que no procuro el honor y peligro de una tribuna. Cada día estimo mas el silencio y la lectura.

